

A large, mature weeping tree with long, thin, drooping branches dominates the left side of the frame. Its leaves are a vibrant green. In the background, a two-story building with large windows and a central entrance is visible. The lawn is green and covered with many small white daisies. Several wooden benches are scattered across the grass. A small, dark, rectangular object, possibly a trash can or a post, stands in the foreground. The sky is blue with some light clouds. The text "ETSAC" is overlaid in the top right corner.

ETSAC

A Escola Técnica Superior de Arquitectura (ETSAC) está no campus da Zapateira na UNIVERSIDADE DA CORUÑA

É a única escola pública de arquitectura existente en Galicia

É unha escola de longa tradición de entre as do Estado

Nos 45 anos de historia, o título afrontou diversas modificacións para adaptarse tanto ós profundos cambios experimentados nos ámbitos sociais, económicos e tecnolóxicos, como as sucesivas modificacións normativas.

Datos de 2020

780 Estudantes

132 Prazas ofertadas en primeiro curso

107 Profesorado maioritariamente doutores e doutoras]

26 Persoal de Administrac. e Servizos



An aerial photograph of a university campus. Several buildings are highlighted with semi-transparent colored overlays. A long, narrow building at the top is highlighted in yellow. A large, central building with a dark roof and a yellow courtyard is also highlighted in yellow. To the right of this central building, a long building with a blue roof is highlighted in blue. The campus is surrounded by green trees and a road is visible on the left side.

Departamentos

Delegación de alumnos
Salón de grados
Salas de reuniones
Unidade de apoio a investigación
Laboratorio de fabricación dixital.

Edificio principal

Aulas
Salas de estudio
Salón de actos
Biblioteca
Aulas de informática
Dirección e administración
Cafetería e comedor
Prácticas externas
Zonas de exposicions

<http://etsa.udc.es/web/>

<https://www.instagram.com/comunidadetsac/>

<https://www.facebook.com/etsac.udc>

INSTALACIONES DESTACADAS

Dispomos dun **laboratorio de fabricación dixital** cunha máquina de corte láser, unha fresadora de control numérico, unha máquina de corte de fíos en quente e varias impresoras 3D, ademais dos correspondentes ordenadores de control.

Para aquelas actividades de carácter experimental e maior envergadura, o título ten acceso ás instalacións do CITEEC27 (Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Ingeniería Civil), e máis concretamente ao seu Laboratorio de Construción

O centro dispón de **3 aulas de informática** equipadas cun total de 90 equipos de rede de última xeración, ademais de varias máquinas para dixitalizar e imprimir en gran formato.



A ETSAC dispón dunha magnífica **biblioteca** que conta cun total de 131 lugares de lectura e estudo.

A colección bibliográfica está formada por

58.869 exemplares e 377 cabeceiras de revistas, sendo a segunda máis grande a nivel nacional nas áreas de arquitectura, urbanismo, deseño de xardíns e deseño.

Cronoloxicamente, a colección comeza cunha copia datada en 1565 da arquitectura de Leon Battista Alberti e continúa ata o momento actual no que se incorporan regularmente as últimas novidades editoriais.

Dispón tamén unha importante colección de mapas e material gráfico de finais do século XIX e comezos do XX doados por arquitectos como Mariño, Ucha e Tenreiro. Nos últimos anos incorporamos dous importantes legados, o de Juan Luis Dalda Escudero, especializado en urbanismo, e a biblioteca de Louis Rocah, cun extraordinario fondo sobre Mies van der Rohe e o Movemento Moderno.

Mantéñense 61 subscricións vivas así como o acceso a abundantes bases de datos de referencia nacionais e internacionais (Aenor, Avery Index Architectural Periodicals, Dialnet, Docomomo Ibérico, Engineering Source, Web of Science, etc.)



QUE NECESITAS PARA ESTUDAR ARQUITECTURA?

Materias nas que se debe ter unha boa preparación previa

- Física
- Matemáticas
- Historia da arte
- Xeometría descriptiva (debuxo técnico)
- Informática a nivel usuario avanzado

Competencias que debe presentar quen desexe ser arquitecto

- Creatividade
- Pensamento analítico
- Visión espacial
- Disposición para traballar en equipo
- Alta capacidade de estudo

Intereses que se esperan dun estudante de arquitectura

- A vida no mundo
- A música, a foto e, en xeral tódalas artes
- E en xeral, toda a cultura
- Viaxar despacio
- Aprender de tódalas cousas
- Ter un espírito crítico

ESTRUTURA DO PLAN DE ESTUDOS

5 cursos académicos .

(10 cuatrimestres.)

O grado contempla unha formación de carácter especializado e multidisciplinar, orientada á adquisición dos coñecementos e competencias relacionados coa Arquitectura e a ordenación do territorio. Así mesmo, facilita o acceso ao título de Máster Universitario en Arquitectura, habilitante para exercer a profesión regulada de Arquitecto.

ORGANIZACIÓN DA DOCENCIA

300 créditos ECTS

Organizados así:

63 de formación básica

216 en materias obrigatorias

15 en optativas

6 en traballo fin de grado.

O conxunto das materias distribúese en 10 catrimestres e 3 módulos (propedéutico, técnico e proxectual), facilitando o acceso ao correspondente título de grao, que se pode obter coas “mencións” en:

- Rehabilitación arquitectónica,
- Xestión de proxecto e tecnoloxías avanzadas
- Arquitectura da paisaxe
- Arquitectura e medio ambiente
- Deseño e industria

1C	Introducción á arquitectura	Debuxo de arquitectura	Física para a arquitectura 1	Matemáticas para a archit 1	Xeometría Descritiva t
2C	Proxectos 1	Análise de formas Arquitectónica	Construcción 1	Matemáticas para a archit 2	Xeometría Descritiva 2
3C	Proxectos 2	Historia da arte	Construcción 2	Física para arquitectura 2	Análise Arquitectónica 1
4C	Proxectos 3	Urbanística 1	Estructuras 1	Análise Arquitectónica 2	
5C	Proxectos 4	Urbanística 2	Construcción 3	Estructuras 2	Instalacions 1
6C	Proxectos 5	Urbanística 3	Construcción 4	Estructuras 3	Teoría da arquitectura
7C	Proxectos 6	Urbanística 4	Construcción 5	Estructuras 4	Historia da arquitectura 1
8C	Proxectos 7	Historia da arquitectura 2	Construcción 6	Estructuras 5	Instalacions 2
9C	Proxectos 8	Urbanística 5	Construcción 7	Cimentacions	Optativa
10C	Proxectos 9	Traballo fin de grado	Optativa	Optativa	Optativa

Optativas

Actuacións Urbanísticas Contemporáneas
Arquitectura de Escala Compleja
Comunicación gráfica en Arquitectura
Construcción Avanzada
Diseño Industrial
Estruturas Singulares
Hábitat Básico
Instalacións
Intervención no Patrimonio Europeo
Ordenación do Territorio
Paisaxe e Hábitat sostible
Representación avanzada en Arquitectura
Técnicas Matemáticas para a Arquitectura
Teoría da Intervención Contemporánea

A partir do primeiro ano, en cada cuatrimestre articulase un taller interdisciplinar no que participan ata catro áreas de coñecemento.

Con esta estratexia metodolóxica o alumnado afronta os desenvolvementos prácticos desde diversos enfoques (proyectual, urbanístico, construtivo e estrutural), sempre dunha forma tutorizada, achegando a exercitación académica á práctica profesional.

Unha fracción relevante do profesorado do título participa activamente no que a Universidade denomina Grupos de Innovación Docente, organizados en torno a diferentes vertentes: metodoloxías activas en docencia presencial e semipresencial, procesos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe, tutorización e atención ao estudiantado, uso e aplicación de recursos tecnolóxicos para mellóraa da aprendizaxe, responsabilidade social universitaria, emprendimiento e empleabilidade, instrumentos e recursos para mellóraa da organización e do desempeño docente, e accións de divulgación e transferencia de coñecemento á sociedade. Na actualidade pódense consignar os seguintes grupos vinculados o título: Diseño de Estructuras Arquitectónicas, Grupo de Innovación Educativa en Historia de la Arquitectura, e Grupo de Innovación Educativa para oProxecto Arquitectónico e Urbano Sostenible.



O ensino mantén un equilibrio entre os aspectos teóricos e prácticos da formación en arquitectura.

Ten que garantir a adquisición, polo menos, dos coñecementos, capacidades e competencias seguintes:

- a) Aptitude para crear proxectos arquitectónicos que satisfagan á vez as esixencias estéticas e as técnicas.
- b) Coñecemento adecuado da historia e das teorías da arquitectura, así como das artes, tecnoloxías e ciencias humanas relacionadas.
- c) Coñecemento das belas artes como factor que pode influír na calidade da concepción arquitectónica.
- d) Coñecemento adecuado do urbanismo, a planificación e as técnicas aplicadas no procesode planificación.
- e) Capacidade de comprender as relacións entre as persoas e os edificios e entre estes e a súa contorna, así como a necesidade de relacionar os edificios e os espazos entre estes con as necesidades e a escala humanas.
- f) Capacidade de comprender a profesión de arquitecto e a súa función na sociedade, en particular elaborando proxectos que teñan en conta os factores sociais.
- g) Coñecemento dos métodos de investigación e preparación de proxectos de construción.
- h) Comprensión da concepción estrutural, e dos problemas de construción e de ingeniería vinculados cos proxectos de edificios.
- i) Coñecemento adecuado dos problemas físicos e das distintas tecnoloxías, así como da función dos edificios, de forma que se dote a estes de condicións internas de comodidade e de protección fronte aos factores climáticos, no marco do desenvolvemento sostenible.
- j) Capacidade de concepción necesaria para satisfacer os requisitos dos usuarios do edificio respectando os límites impostos polos factores presupuestarios e a normativa sobre construción.
- k) Coñecemento adecuado das industrias, organizacións, normativas e procedementos para plasmar os proxectos en edificios e para integrar os planos na planificación

Este enfoque multidisciplinar implica sen dúbida un esforzo adicional con relación a outras posibles titulaciones. Pero tamén é certo que a formación que aquí reciben failles competitivos cando acceden ao mercado laboral europeo (este dato constátase a través dos egresados que actualmente traballan no exterior)

A ETSAC participa activamente nos procedementos de mobilidade internacional da Universidade da Coruña. dentro das modalidades Erasmus+, bilateral e Erasmus

O programa Erasmus é un dos alicerces da movilidad dentro do título, sendo o noso centro uno dos que encabezan dentro da UDC as estatísticas de alumnado entrante e saliente.

No curso 2018-2019, o título RECIBIU un total de 47 estudantes entrantes no programa Erasmus e 42 no programa Bilateral.

Países de orixe

Alemaña (4), Armenia (2), Arxentina (6), Brasil (13), Francia (8), Hungría (1), Italia (16), México (20), Polonia (6), Romanía (2), Turquía (7), Uruguai (3) e Xapón (1).

Nese período o número total de estudantes SAÍNTES foi de 32 Erasmus e 10 Bilaterais

Países de destino

Arxentina (3), Bélxica (1), Chile (1), Chipre (1), Eslovenia (1), Hungría (2), Italia (10), México (4), Polonia (13), Portugal (2), Romanía (3) e Uruguai (2). A estas cantidades hai que engadir as prácticas Erasmus en Dinamarca (2), Francia (1), Países Baixos (1) e Reino Unido (2) así como un numeroso grupo participante no sistema SICUE (Programa de mobilidade do sistema de intercambio entre centros universitarios españois).

Existen varios programas con outras universidades como::

Programa Iacobus (Rehabilitando el Patrimonio Europeo) compartido con escolas de Clermont-Ferrand (Francia) e Regensburg (Alemania). Actualmente se encontrase na edición número 25.

Joint Graduate Design Project co HIT (Harbin Institute of Technology) y el IMUT (Inner Mongolia University of Technology), que actualmente encontrase na súa 7ª edición

Programa competitivo Erasmus+ 2018-2020: Iacobus +Cultura, Patrimonio e Integración, da National University of Architecture and Construction of Armenia

O título dispón dun sistema de

xestión de prácticas externas, non obrigatorias e si remuneradas, pero que, de acordo co plan de estudos, poden ser recoñecidas por un máximo de 6 créditos ECTS de carácter optativo. Todo o proceso é organizado por un coordinador de prácticas, especificamente dedicado a este fin, co adecuado apoio da dirección e o persoal de administración. Na última edición (2018-2019) participou un total de 30 empresas colaboradoras.

A Escola de Arquitectura é entidade colaboradora de Arquitectura Sin Fronteras. A sede da demarcación de Galicia radica nas instalacións do propio centro. Boa parte dos seus 76 socios actuais pertencen ao cadro de profesores ou ao alumnado do centro.

Un nutrido grupo de profesores da ETSAC pertencen á rede ArCaDia, de Arquitectura e Cooperación ao Desenvolvemento. Esta rede celebra bianualmente congresos, habendo sido o centro sé da súa edición 2016 baixo o lema *Sentido Social del Hábitat*.

Así mesmo, desde o título colabórase regularmente en proxectos de cooperación PCR (proxectos de coñecemento da realidade) e PCC (proxectos de coñecemento da cooperación)

Unha parte significativa do noso alumnado participou como voluntarios sobre o terreo en iniciativas de cooperación verdadeiramente válidas. Convén destacar o proxecto ClinicadasCasas e anteriormente o de Kaya Clínica

As diferentes liñas de investigación en curso tamén promueven unha estreita colaboración con outras entidades universitarias (Pemade) ou con empresas e organismos do sector nun abanico certamente extenso,

Do mesmo xeito, o centro mantén contacto frecuente coas administracións públicas da súa contorna xeográfica, co fin de identificar áreas de interese sobre as que suscitar as actividades académicas

ACTIVIDADES DUN ARQUITECTO

A finalidade primordial do Grado é a adquisición por parte do estudante dunha formación de carácter especializado e multidisciplinar, orientada ao logro dun amplo conxunto de coñecementos e competencias necesarios para a arquitectura e a ordenación do territorio.

Así mesmo, facilita o acceso ao Máster Universitario en Arquitectura, título habilitante necesario para exercer a profesión regulada de Arquitecto.

Os ensinos permiten formar egresados capaces de participar nos procesos ligados ao proxecto arquitectónico, á intervención no patrimonio edificado, á achaiadura territorial, ao deseño nas súas múltiples vertentes (paisaxístico, de interiores, industrial, de mobiliario, gráfico, etc.), á xestión de sostenibilidade do medio construído, ou á industria dos materiais e técnicas de construción. Trátase en suma dun perfil moi amplo, que combina destrezas artísticas, técnicas e persoais moi diversas, como pode deducirse do cadro xeral de competencias (xerais, específicas e transversales) da titulación

Actividades reguladas

01. Proxectar edificios, barrios e cidades
02. Construír edificios, barrios e cidades
03. Restaurar edificios
04. Decoración e interiorismo
05. Tasacións, valoracións, peritacións, etc

As “outras” actividades dun arquitecto

06. Traballar para outros arquitectos ou para empresas
07. Investigar (técnica, teórica, experimental, histórica)
08. Impartir docencia a todos os niveis (diversidade de temas)
09. Traballar na función pública (ministerios, concellos, organismos)
10. Deseñar (a todas as escalas)
11. Desenvolver aplicacións informáticas
12. Crear produtos culturais (cine, libros, animación, escenografía, exposicións)
13. Traballar na cooperación ao desenvolvemento
14. Participar na vida pública (acción política, asesoría, xestión de procesos)

E por suposto inventar actividades que aínda non existen

Actualmente, no centro opera un total de

7 grupos de investigación:

Galicia Cidade e Territorio
Arquitectura e Urbanismo Sostenible
Grupo de Estruturas Arquitectónicas
Composición Arquitectónica e Patrimonio
Historia da Arquitectura
Representación Arquitectónica do Patrimonio
Sistemas Constructivos e Rehabilitación

Ademais de

4 unidades de investigación:

Grupo de modelización e resolución de modelos,
Novas Tecnoloxías Aplicadas á Representación do Territorio e ao Patrimonio Construído,
Paisaxe, Arquitectura e Cidade,
Deseño e Desenvolvemento de Equipamiento urbano

Así mesmo, se listan diversos proxectos de investigación recentes ou en curso, con financiamento público do Ministerio de Economía e Competitividad ou ben das institucións autonómicas (Xunta de Galicia), lograda en convocatoria competitiva:

As líneas estratéxicas de actuacións no título imbrícanse nos dous campus de especialidade da UDC: Innovación y Sostenibilidade

ACTIVIDADES CULTURAIS

A ETSAC ten que ter unha importante actividade cultural, para elo ten un horario de coincidencia no que se poden desenrolar as conferencias para todos os alumnos. Ademáis das conferencias para toda a escola tamen existe actividade específica para os distintos cursos e talleres,

A ETSAC dispón de varios espacios para poder facer exposicion e tamen para poder xerar programacions audiovisuais a través dos monitores que existen en distintas plantas do edificio principal.



A ETSAC e unha escola na que a implicación entre o profesorado e o alumnado é intensa, así como exemplo convén destacar todas as actividades vinculadas as actividades de cooperación e tamén é necesario falar dun dos elementos máis singulares da Escola que foi ideado, desenvolvido e xestionado polo propio alumnado. Trátase do festival de arquitectura denominado **FETSAC**, e durante o presente curso celebra a súa edición número 12



